



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS (**ATEGAL**) PARA O FINANCIAMENTO DAS “AULAS DA TERCEIRA IDADE” NO ANO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (**ATEGAL**), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase ATEGAL dende o 1 de xaneiro de 2018 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social para o financiamento das “Aulas de Terceira Idade” de Galicia e que comprende o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- Na área cultural: literatura, historia da arte e de Galicia, xeografía, historia viva, literatura española y galega, cine, cultura .
- Na área ocupacional: obradoiros de debuxo, pintura, traballos manuais, expresión creativa, teatro, música, coral, informática, tabletas, smartpfoes.
- Na área de saúde: ximnasia de mantemento, ioga, tai-chi, pilates, obradoiros de memoria, habilidades sociais, risoterapia, danzaterapia.
- Na área de ocio: celebracións de magosto, Nadal, entroido, letras galegas, viaxes e visitas culturais a museos e exposicións, participación en encontros e congresos.
- Desenvolver o Proxecto “Active post-working life” destinado a formar e informar ás persoas maiores de 55 anos, próximas á súa xubilación, das opcións e recursos que teñen para esta nova etapa da súa vida.
- Participación no proxecto “Simpático”.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, ten entre as súas funcións e competencias ás relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato o Sector Público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 25 de xaneiro de 2018.

